

Caseta de Educación Ambiental Mercado de Nadal 2022

Horarios e datas de apertura

- Do 3 ao 23 de decembro en horario de 11.00 a 14.00 h e de 16.30 a 21.00 h
- Do 26 ao 30 de decembro en horario continuado de 11.00 a 21.00 h
- Horarios especiais
Sábados 24 e 31 de 11.00 a 15.00 h
Domingo 25: pechado



CONCELLERÍA
medio ambiente
e sustentabilidade

Talleres Educativos



Duración aproximada : 45 minutos

Horarios de inicio e datas

- De luns a venres (ata o 23 incluído)
17.00, 18.00 e 19.00 h
- Sábados, domingos, festivos e do 26 ao 30 (incluídos)
11.30, 12.30, 17.00, 18.00 e 19.00 h
- Horarios especiais: sábados 24 e 31
11.30 e 12.30 h

O camiño dun xoguete - Luns e venres

Decoración do taboleiro de xogo e elaboración de fichas e dados dun xogo de mesa da economía circular, baseado no xogo da oca. Con dúas versións, unha para nenas/os maiores e outra para os máis pequenos.

Cos meus mellores desexos - Martes e sábados

Creación dunha postal de Nadal que inclúe especies de animais e plantas da nosa cidade ao redor dunha árbore de Nadal.

O envoltorio e o agasallo - Mércores e domingos

Realizaremos envoltorios de agasallos con materiais reciclables.

Adornando o teu presente - Xoves

Faremos adornos para os paquetes de agasallos con material reciclable.

Concurso “Cal é o teu desexo para o Planeta?”



Horarios e datas

- Participación: do 10 ao 24 de decembro, no horario de apertura da caseta.
- Sorteo: anunciaranse as/os gañadoras/es o día 26.
- Recollida de premios: do 27 ao 31. Pódense recoller os lotes de libros e xoguete de madeira na caseta de Medio Ambiente.

Actividade. Nunha árbore de madeira os nenos e nenas de 3 a 11 anos poñerán os seus desexos nunhas etiquetas adhesivas numeradas. Posteriormente votarán polo seu desexo preferido de entre os que estean expostos na súa categoría de idade.



Bases do concurso

CONCURSO INFANTIL “CAL É O TEU DESEXO PARA O PLANETA?” NADAL 2022 BASES DO CONCURSO

1. Entidade organizadora

A Entidade organizadora do presente Concurso denominado “CAL É O TEU DESEXO PARA O PLANETA?” é a Concellería de Medio Ambiente e Sustentabilidade do Concello da Coruña.

2. Obxecto do concurso

Constitúe o obxecto do Concurso “CAL É O TEU DESEXO PARA O PLANETA?” (en diante, o “Concurso”) promover entre as nenas/os da cidade os bos desexos e ideas positivas relacionadas co medio ambiente e o Planeta para, entre todas/os, ambicionar un mellor futuro ambiental solidario e en igualdade.

3. Condicións de participación

3.1 Poderá participar no Concurso calquera nena/o de entre 3 e 11 anos, divididos nas seguintes categorías:

Categoría 1: de tres a cinco anos

Categoría 2: de seis a oito anos

Categoría 3: de nove a once anos

Unicamente o primeiro grupo de idade poderá contar coa axuda das súas nais, pais ou persoas titoras, en atención ás dificultades de expresión, caligrafía e ortografía da súa idade. O resto dos grupos deben de ser completamente autónomos na redacción dos seus desexos ambientais do Nadal.

3.2 Cada nena/o só poderá participar cun desexo durante todo o período do Concurso.

4. Procedemento para concursar

4.1. Cada nena/o participante escribirá un desexo relacionado co medio ambiente e o Planeta sobre unha imaxe en papel adhesivo. O papel co seu nome (sen apelidos) e o seu desexo fixarase nunha árbore artificial que a organización disporá situada nas inmediacións da caseta da Concellería de Medio Ambiente e Sustentabilidade do Mercado Do Nadal da praza de María Pita. A continuación, de novo na caseta, emitirá un voto ao desexo que outra nena/o da súa categoría deixase sobre un das árbores.



CONCELLERÍA
medio ambiente
e sustentabilidade

Bases do concurso

4.2. Cada desexo irá numerado correlativamente para favorecer ás nenas/os que emiten o seu voto. Cada semana retiraranse todos os desexos para unha urna que permanecerá á vista nun espazo da caseta.

4.3. As nais, pais ou persoas titoras deberán deixar o seu nome e un número de teléfono de contacto xunto ao número de participante da súa nena/o nunha folla que lle facilitará a organización. Estes datos serán empregados unicamente para poñerse en contacto no caso de resultar o desexo da súa nena/o agraciada cun dos premios. Coa finalización do Concurso, procederase á destrución destes datos.

5. Resolución do concurso e entrega dos lotes aos premiados

5.1 As nenas/os participantes a través das súas nais, pais ou persoas titoras aceptan expresamente as presentes bases, como condición necesaria para a participación no Concurso. O incumprimento das bases por calquera participante implicará a súa eliminación do Concurso.

5.2. A relación das nenas/os gañadoras/es farase pública na caseta. Adicionalmente, a través de chamada telefónica, a organización comunicará coas persoas que representan ás gañadoras/es para darlles a noticia.

5.3. A data para a publicación do nome das nenas/os premiados na caseta e para a comunicación telefónica será o día 26 de decembro. As premiadas/os poderán retirar o seu lote de libros ata o día 31 de decembro na citada caseta no horario de apertura desta. En caso de empate, entregaranse tantos lotes de premios como nenas/os que resultasen co mesmo número de votos.

5.3. A Entidade organizadora poderá adoptar todas as actuacións e decisións que resulten oportunas para a resolución das controversias e/o conflitos que poidan xurdir durante o desenvolvemento do Concurso.

6. Premios do Concurso

6.1. Os premios do concurso son tres lotes de libros de temática ambiental e un xoguete de madeira, un por categoría de concursantes.

6.2. Os premios son persoais e intransferibles e non poderán ser obxecto de cambio ou compensación. Se a nena/o os seus representantes rexeitan o premio non recibirán ningún obsequio alternativo.




Campaña : “1 quilo + 1 planta = coidamos do noso Planeta”

Horarios e datas

O 22 e 23 de decembro, no horario de apertura da caseta.

Actividade. Recollida de alimentos a favor do “Cocina Económica de A Coruña”.
Entregarémosche unha planta como símbolo da importancia do coidado do Planeta, das persoas, e do mundo da Natureza.



Carta en papel reciclado a Papá Noel e aos Reis Magos



Horarios e datas

Do 3 ao 31 de decembro, no horario de apertura da caseta.

Actividade. Entrega dunha carta en papel reciclado para que os nenos e nenas escriban os seus desexos máis naturais a Papá Noel ou aos Reis Magos.



“Eu non son un xoguete”

Horarios e datas

Do 3 ao 31 de decembro, no horario de apertura da caseta.

Actividade. Concienciar da importancia da chegada á familia dun novo membro a través dun folleto e dun contacos para os máis miúdos.



Enquisa: “Como podemos mellorar o noso ecosistema?”

Horarios e datas

Do 3 ao 31 de decembro, no horario de apertura da caseta.

Actividade. Explicar o concepto de ecosistema a través dun gran debuxo que representa, de xeito simplificado, o da nosa cidade. Posteriormente solicítase a colaboración cidadá en forma de achega de suxestións para a mellora do noso ecosistema.

Os resultados colgaranse na web de Medio Ambiente.

A túa cidade, o teu ecosistema



Dun xeito moi sinxelo podemos definir un ecosistema como o conxunto de seres vivos, o lugar que habitan, e as relacións entre eles e o lugar.
A túa cidade é o teu ecosistema! Como podemos melloralo?

Data:

A túa cidade, o teu ecosistema



Campaña de recollida de abetos : “E ao rematar o Nadal . . . a onde vai o teu abeto natural?”



Horarios e datas

Do 12 ao 31 de decembro, no horario de apertura da caseta.

Actividade. Recolleremos os datos das persoas da Coruña que queren que se lles recolla o seu abeto natural unha vez rematadas as festas do Nadal. Deixarán como contacto o seu nome e apelidos, o seu número de teléfono e o barrio onde viven.

